

Como actuar fronte á violencia de xénero no ámbito laboral

Martes, 22 de outubro de 2024 | de 16:30 a 18:30 horas

AC Hotel Palacio Universal

Rúa Cánovas del Castillo, 28, Vigo, Pontevedra

Para a inscrición á **xornada presencial** acceda a:

<https://forms.gle/ebnZuGgxeQ4fE6Cv6>



Para seguir a sesión por **streaming** debe inscribirse no taller formativo 28 a través do campus en liña en materia de igualdade laboral: <https://formacion-igualdadelaboral.xunta.gal>

Se quere obter o **certificado de aproveitamento do taller**, ademais de ter asistido á xornada, presencialmente ou por streaming, deberá responder satisfactoriamente, polo menos o 70% das cuestións expostas no test de avaliación que estará a súa disposición no campus en liña.

OBXECTIVO XERAL

No marco do principio de igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación, a Directiva (UE) 2024/1385 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2024, sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, ten como propósito, proporcionar un marco integral para previr e combater eficazmente a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica.

Como se recolle nesta Directiva, as persoas con funcións de supervisión no lugar de traballo, tanto no sector público como no privado, e as entidades empregadoras, deberán recibir información sobre os efectos da violencia contra as mulleres e a violencia doméstica no traballo e sobre o risco de violencia exercida por terceiros.

A través deste taller formativo preséntase a Guía de indicios para a detección de vítimas de violencia de xénero para a empresa, impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións laborais e a Dirección Xeral da Loita contra a Violencia de Xénero.

O obxectivo xeral é prestar apoio ás empresas e ás persoas traballadoras na prevención e á erradicación da violencia de xénero e as violencias contra as mulleres sendo pioneira na aplicación da Directiva (UE) 2024/1385.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

- Como actuar fronte á violencia de xénero no ámbito laboral.
- O papel das empresas e persoas traballadoras na loita contra a violencia de xénero.
- Prevención e actuación fronte á violencia de xénero no ámbito laboral.

PROGRAMA

16.30 Presentación da xornada

16.40 Pablo Fernández

Secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais

Roberto Barba Alvedro

Director Xeral da Loita contra a Violencia de Xénero

16.40 18.15 Guía de indicios para a detección de vítimas de violencia de xénero para a empresa. Como actuar fronte á violencia de xénero no ámbito laboral.

María Ángeles García

Consultora especializada en materia de igualdade laboral

Lucia Rial Pampin

Formadora e asesora en materia de Igualdade e RRHH

Elena Mancha Montero de Espinosa

Inspectora de traballo e seguridade social

18.15

18.30

Rolda de consultas

18.30

19.00

Sesión networking

